

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 06/10/2025**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 06/10/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29 de setembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2025/3765**

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Torres de Aboal, en representación de Asociación Cultural Mesa das Verbas, solicitando autorización para realizar unha foliada galega na terraza do Bar Novas Carolinas, o día 17 de outubro de 2025, en horario de 18:00 a 22:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2025/3788**

Polo Departamento de Informática indicase que é necesaria a compra de once terminais de telefonía fixa e dous descolgadores electrónicos, como consecuencia das ampliacións e avarías das extensións da centralita telefónica do Concello e do Auditorio.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. a compra de once terminais telefónicos e dous descolgadores electrónicos para as extensións das centralitas telefónicas de Concello por un importe de 1.392,63 € IVE incluído, con

cargo á partida 9201.62300, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3789**

No centro de formación municipal da avenida de Matosinhos está en funcionamento unha aula de informática de formación composta por dezaseis ordenadores persoais para os alumnos e o profesor.

Esta aula ten unha gran demanda para a formación de cursos. Os ordenadores actuais están moi anticuados facendo imposible a realización dos cursos demandados actualmente.

Por todo o anterior, polo Departamento de Informática propónse a compra de dezaseis CPU's e quince pantallas destinadas á aula de informática de centro de formación de matosinhos, para reposición das actuais.

Solicitáronse dous presupostos ás empresas Ozona Tecnologías de la Información S.L. e Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L.

Ozona Tecnologías de la Información S.L presenta un presuposto de 18.525,100 IVE incluído que cumpre os requisitos solicitados.

Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. presenta un presuposto de 14.362,47 IVE incluído que cumpre os requisitos solicitados.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., o subministro de dezaseis CPU's (INTEL CORE i5-13400) e 15 monitores (ACER VERO B27) para o centro de formación de Matosinhos, por un prezo de 14.362,47 € IVE incluído e dous anos de garantía, con cargo á partida 9201.22706, coas seguintes características técnicas, de conformidade coa oferta presentada, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello:

CPU (16 Unidades):

Procesador: INTEL CORE i5

Memoria principal: DDR5 16 GB.

Memoria secundaria : SSD 500 GB

Sistema operativo: Windows 11 Professional (Pro 64 bits.)

Teclado + Rato

Garantía: 2 anos de garantía.

MONITOR (15 Unidades):

Monitor de 27"

Garantía: 2 anos de garantía

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3791**

No departamento de comunicación están en funcionamento dúas licenzas da aplicación informática denominada Adobe Creative Cloud for teams, trátase dun servizo que da acceso a programas de deseño gráfico, edición, deseño web etc.

Creative Cloud, ofrece máis de 20 aplicacións creativas, incluídas Photoshop, Illustrator, Premiere Pro, After Effects, InDesign e Acrobat. Ademais dispón de plantillas, almacenamento na nube e miles de fontes de Adobe Fonts.

Asemade, están en funcionamento catro licenzas da aplicación informática Acrobat Pro for teams nos departamentos de secretaría xeral, contratación e informática, cuxa finalidade é xestionar documentos PDF.

A forma de adquirir estes programas é mediante subscrición anual. Esta subscrición da dereito a instalar e usar o programas e as súas actualizacións durante un ano, a actual subscrición finaliza o 13 de setembro de 2025.

Polo Departamento de Informática propónse que a compra da subscrición se faga á empresa Ozona Tecnologías de la Información S.L. por ser un provedor do Concello para este tipo de

produtos cun grado de satisfacción e resposta post-venta moi elevado.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L do servizo de subscrición durante un ano de dúas licenzas da aplicación informática Adobe Creative Cloud for teams e catro licenzas Acrobat Pro for teams para o ano 2025-2026 por un importe de 4.132,76 € IVE incluído (Caduca o 13 de setembro de 2026), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3796**

A Casa da Cultura de Fontecarmoa, de titularidade municipal, presenta problemas de filtracións de auga e humidades no salón de actos. Tras a revisión do tellado, detectouse que a orixe do problema se atopa no mal estado dos canlóns e das baixantes, os cales están atascados pola acumulación de lixo. Como consecuencia, a zona situada sobre a parte traseira do salón sufriu importantes danos que fan urxente e necesaria a súa reparación, para evitar o seu empeoramento.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL, con CIF B94128675, para a execución dos traballos de limpeza e reparación dos canlóns, incluíndo o subministro dos materiais necesarios e a man de obra correspondente, por un importe total de 4.210,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200, que inclúe os seguintes traballos:

- Limpeza de canlóns en xeral, incluíndo o desatranco das baixantes.
- Reparación dos canlóns nas partes afectadas da zona traseira do salón.
- Provisión dos medios auxiliares para a correcta realización das reparacións.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3797**

A Casa da Cultura de Faxilde, de titularidade municipal, está sufrindo problemas de filtracións de auga e humidades no salón de actos e na entrada principal. Tras revisar a súa cuberta de grava, localizamos o problema no estado da impermeabilización.

Dado que xa existen danos e as chuvias que se producirán no inverno a súa reparación debe ser realizada con urxencia, para evitar que o deterioro no interior do edificio se incremente.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REFORMAS TREBOL SL, con CIF B94128675, para a execución dos traballos de reparación da cuberta da Casa de Cultura de Faxilde, incluíndo o subministro dos materiais necesarios e a man de obra correspondente, por un importe total de 3.920,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200, que inclúe os seguintes traballos:

- Retirada da grava nun perímetro de 2,5 m de ancho e 10 m de longo para a revisión da impermeabilización e reparación da parte deteriorada.
- Subministro e aplicación de pintura impermeabilizante de clorocaucho fibrado nas zonas afectadas.
- Limpeza das baixantes e sumidoiros.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3852**

Polo Departamento de Informática indicase que é necesaria a compra de seis ordenadores portátiles, seis maletíns e seis ratos, destinados aos distintos servizos municipais coas seguintes

características técnicas:

- Dous Ordenadores Portátiles (2 unidades), coas seguintes características:

Equipo: HP 250 G10 de 15,6 pulgadas.

Procesador: Core i5-1334U 4,6Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

- Tres Ordenadores Portátiles (3 unidades), coas seguintes características:

Equipo: HP 250R G9 de 15,6 pulgadas.

Procesador: Core i5-1335U 4,6Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

- Un Ordenador Portátil (1 unidade), coas seguintes características:

Equipo: HP 665 G11 de 16 pulgadas.

Procesador: Ryzen 5 7535U 4,5Gz.

Memoria principal: 16 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 512 GB.

Modelo gráfica:

Sistema operativo: Windows 11 Professional

3 anos de garantía in situ

- Maletín para portátiles (6 Unidades)

Maletín para Portátil de 16" Pulgadas

- Ratos con cable HP 125 (6 Unidades)

Á vista do Anterior, a Xunta de Goberno local acorda adxudicar o citado subministro á empresa Ozona Consulting S.L., con CIF/NIF: B15834872, por un importe total de 5.327,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2025/3848**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por ARANZAZU CASTIÑEIRAS BOQUETE, NIF: 35467760N, e domicilio en Avda. Doutor Tourón 52 4º A - Vilagarcía de Arousa CP: 36600 - España, (contacto mail: laboral@asecasesores.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a ARANZAZU CASTIÑEIRAS BOQUETE, NIF: 35467760N, da cantidade DE DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea

situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

#### **PRP2025/3859**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por FASTER CCK AUTOS SOCIEDAD LIMITADA NIF. B94152766 con domicilio Avenida DE PONTEVEDRA Nº: 36 Lt: Esc: Pt: BJ - CALDAS DE REIS CP: 36650 Caldas de Reis, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

| CRITERIO                              | PUNTOS     |
|---------------------------------------|------------|
| Contrato traballador maior de 45 anos | 2          |
| Empresa menos de 10 traballadores     | 2          |
| T O T A L PUNTOS                      | 4          |
| SUBVENCIÓN ACADADA                    | 3.000,00 € |

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por FASTER CCK AUTOS SOCIEDAD LIMITADA NIF. B94152766, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

#### **PRP2025/3860**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por THUNE EUREKA SA NIF. A28325264 con domicilio en RÚA PEDROSO 67 36618 Vilagarcía de Arousa infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta) :

POLA CONTRATACIÓN DE BREIXO JIMENEZ NORES:

| CRITERIO                                   | PUNTOS     |
|--------------------------------------------|------------|
| Contrato traballador menor de 30 anos      | 2          |
| Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa | 1          |
| T O T A L PUNTOS                           | 3          |
| SUBVENCIÓN ACADADA                         | 2.500,00 € |

POLA CONTRATACIÓN DE JOSE BORJA SANTAMARIA REY:

| CRITERIO                                     | PUNTOS     |
|----------------------------------------------|------------|
| Contrato traballador persoa menor de 30 anos | 2          |
| Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa   | 1          |
| T O T A L PUNTOS                             | 3          |
| SUBVENCIÓN ACADADA                           | 2.500,00 € |

TOTAL AXUDA A CONCEDER: 5.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por THUNE EUREKA SA NIF. A28325264, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

**PRP2025/3861**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ NIF: 35600334Z con domicilio en Calle SANTA CATALINA, GODOS Nº: 20 Lt: Esc: Pt: - CALDAS DE REIS CP: 36615 Caldas de Reis (Pontevedra), infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

| CRITERIO                                   | PUNTOS     |
|--------------------------------------------|------------|
| Contrato traballador maior de 30 anos      | 2          |
| Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa | 1          |
| Empresa menos de 3 anos de antigüidade     | 2          |
| T O T A L PUNTOS                           | 5          |
| SUBVENCIÓN ACADADA                         | 3.000,00 € |

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ NIF: 35600334Z, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

**PRP2025/3862**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por B. M. REDONDO PORTO SOCIEDAD LIMITADA, NIF: B19407196, e domicilio en Calle Rua Castelao 18 BJ - Vilagarcia de Arousa CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España (mail: marta@elhogar.es), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a B. M. REDONDO PORTO SOCIEDAD LIMITADA, NIF: B19407196, da cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500 €) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

**PRP2025/3863**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por MARIA DE LOS ANGELES MELLA MAGARIÑOS, NIF: 35478205S, e domicilio en Lugar Curbelas 21, CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) – España (mail: eac@admasesores.com), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a MARIA DE LOS ANGELES MELLA MAGARIÑOS, NIF: 35478205S, DA CANTIDADE DE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (1.857,11€) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

#### **PRP2025/3867**

Con motivo da reapertura da oficina municipal de información dixital situada na Praza Arcebispo Lago (O servizo permanecen pechado dende o 15 de novembro de 2024 ate o 2 de maio de 2025), en data 28 de xullo de 2025, a XGL adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Aprobar a contratación do servizo de limpeza da Oficina de Formación e Atención Cidadá á empresa CLECE SA GIF A-80364243 por contía de 127,87 Euros ao mes (IVE 21%inclusive) durante 12 meses a partir do 1 de agosto de 2025, segundo orzamento que consta no expediente, con cargo á partida 241.227000.

Con anterioridade á adopción de dito acordo, o 23 de setembro de 2024, a XGL adoptara o acordo de continuar a prestación dos servizos de limpeza das dependencias e instalacións municipais, colexios públicos e FPSDM, por parte da empresa CLECE S.A. para o período do 1 de setembro de 2024 ao 31 de agosto de 2025, cun incremento do 3,5%, resultando unha contía total anual de 1.391.368,57 (con IVE).

Igualmente, consta crédito retido para facer fronte ao aboamento do servizo durante os meses de agosto, setembro e outubro de 2025, en tanto non se proceda á adxudicación definitiva do contrato de limpeza que se atopa neste momento en fase de licitación.

Do contido de ditos acordos, dedúcese que a prestación do servizo recollida no acordo de 28 de xullo de 2025, atópase cuberta polo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 23 de setembro de 2024, referido ao servizo de limpeza das instalacións municipais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo adoptado o 28 de xullo de 2025, e consecuentemente liberar o crédito retido, correspondente aos meses nos que o centro permaneceu pechado, ata a reanudación do servizo de limpeza, a partir do 1 de agosto de 2025.

#### **PRP2025/3766**

En data 11/06/2025 o Concelleiro de Promoción Económica formulou a XGL proposta de aprobación do PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

Para o desenvolvemento do programa, que se ven realizando dende o ano 2020, o Concello de Vilagarcía e as empresas colaboradoras asinan un convenio, asumindo estas o compromiso de contratación dun mínimo do 30 por cento alumnos participantes nas accións formativas, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa.

Pola súa parte, o Concello asume os custos de contratación dunha empresa especializada na área de formación específica demandada polas empresas colaboradoras.

Para a edición de 2025, prevíase a sinatura dun compromiso de colaboración coas Empresa FUNDIVISA e REY PRECITECH SL (GRUPO FUNDICIONES REY) no que se comprometían a colaborar na iniciativa e á contratación dun mínimo do 30% dos alumnos participantes na formación, así como a poñer a disposición do Concello e da empresa encargada da formación as instalacións precisas para a impartición das accións formativas.

Con estes antecedentes, a Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 16/06/2025 acordou:

- Aprobar o orzamento presentado por QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 10.500,00 € para a acción formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799

- Aprobar a sinatura do Convenio coa empresas colaboradoras FUNDIVISA e REY PRECITECH SL

Por razóns de loxística e planificación interna, as entidades inicialmente previstas non poderán participar na iniciativa a curto ou medio prazo. Porén, outras empresas do sector manifestaron ao Concello a vontade de participar na iniciativa indicada, sendo preciso adaptar os contidos da formación planificada á actividade e necesidades de persoal manifestadas polas empresas

THUNEEUREKA S.A. (NIF A28325264) e MEYCATEC S.L. (NIF B94113248).

As accións a impartir implicarán maior número de horas de teoría e práctica, polo que o custo da actividade elévase, segundo orzamento e programa formativo aportado pola empresa QUICK UP formación, a 14.600 Euros

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Deixar sen efecto o acordo emitido en data 16 de xuño de 2025 e consecuentemente o convenio incorporado ao expediente.
- Aprobar a sinatura dun novo convenio coas empresas THUNEEUREKA S.A. NIF A28325264, e MEYCATEC S.L. NIF B94113248, nos termos que figuran no borrador que se incorpora ao expediente.
- Aprobar a adxudicación do contrato á empresa QUICK UP FORMACIÓN Y DESARROLLO S.L. CIF B27878586, por un importe de 14.600,00 € para a acción formativa sinalada, con cargo á partida orzamentaria 241-22799, procedendo a ampliar a retención de crédito xa existente ata a indicada contía obxecto do contrato e, consecuentemente, á aprobación do novo gasto.

### **PRP2025/3732**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por GRUPA LUNA DI NAPOLI SL, NIF: B22577563, e domicilio en Rua RAMON Y CAJAL N°: 3 Lt: Esc: Pt: BJ - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España, mail: PAULA@ASESORIAMARINO.ES, infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a GRUPA LUNA DI NAPOLI SL, NIF: B22577563, DA CANTIDADE DE DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€) con cargo á partida 241-470..

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2025/3790**

O vindeiro mércores 16 de outubro de 2025 celébrase o Día Mundial da Parada Cardíaca. Con este motivo, dende o Servizo Municipal de Emerxencias e a Concellería de Educación considérase de gran utilidade organizar unha sesión práctica de Reanimación Cardiopulmonar (RCP) dirixida ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, así como ao profesorado acompañante. O obxectivo é dotar ás persoas participantes de instrucións básicas que lles permitan actuar en caso de emerxencia.

Cada sesión terá unha duración de hora e media e desenvolverase no Auditorio Municipal.

Para garantir a igualdade de participación entre todos os centros educativos do municipio, resulta necesario facilitar transporte aos centros situados a maior distancia do espazo de celebración.

Co fin de posibilitar a asistencia do CEIP Rubiáns á actividade, propónse a contratación do servizo de transporte.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por empresa Pereira SL, CIF: B36030997, por un importe de 163.64€ + 10% IVE, o que fai un total de 180 € IVE incluído, con cargo á partida 320.22610, para o servizo de transporte de alumnado do CEIP Rubiáns ao Auditorio Municipal e regreso.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/3857**

A Biblioteca Municipal leva a cabo actividades de dinamización e fomento da lectura, dirixidas ós máis cativos, e tendo presente aqueles días do calendario máis significativos de cara a Biblioteca. Nesta ocasión no mes de outubro temos unha data destacada e na que a Biblioteca pretende realizar dúas actividades:

O día 24 de outubro, Día das Bibliotecas: faise o acto de entrega dos Premios ós Mellores Lectores na Biblioteca, coa presenza do Alcalde.

As actividades que se propoñen teñen as seguintes características:

- Día 24 de outubro en sesión de tarde: narración oral / contacontos cunha duración duns 50´

- Día 25 de outubro en sesión de mañá: narración / contacontos oral cunha duración duns 50´.

Ambas actividades van dirixidas a un público infantil entre 4 e 12 anos, e con entrada de balde ata completar aforo.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización das seguintes actividades, por un importe total de 501,00 € con cargo á partida 3321.22609, coa seguinte desagregación:

- Para a sesión do día 24 de outubro, A.C Os Carballiños, con CIF G-36226538, por importe de 235 euros (exento de IVE).

- Para a sesión do día 25 de outubro, Francisco Ameijeiras Durán, con NIF 76863099C, por importe de 266 euros (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **SANIDADE**

#### **PRP2025/3901**

O persoal adscrito ao servizo de Cemiterios, para o desempeño das tarefas de mantemento dos Cemiterios de Vilagarcía e de Carril, precisan adquirir os coñecementos habilidades prácticas necesarias para obter o carnet de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios.

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Ten 10 Formación SL, con CIF B94092541, por un importe total de 250,00 €, con cargo á partida 221.16200, pola asistencia de 2 traballadores do Servizo de Cemiterios ao curso de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **PRP2025/3853**

No Diario Oficial de Galicia número 43, do 4 de marzo de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia publicou a Orde do 14 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PL400A).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, na sesión que tivo lugar o día 24/03/2025, adoptou, entre outros acordos, aprobar a presentación dunha solicitude para as ditas subvencións na modalidade b) das bases: mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico, que considera subvencionables os gastos de persoal e os gastos que supoña a realización de accións ou actividades de dinamización lingüística no período de xaneiro a outubro de 2025.

O 31/03/2025 o Servizo de Normalización Lingüística presentou a solicitude no rexistro

electrónico da Xunta de Galicia para a dita modalidade pola seguinte contía:

|                                                                        |                 |
|------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Contía (sen IVE) solicitada para programas de dinamización lingüística | 13.798,77 euros |
| Contía solicitada para persoal                                         | 39.985,74 euros |
| Contía total solicitada                                                | 53.784,51 euros |

No DOG número 117 do venres 20/06/2025 publicouse a resolución coa concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da cantidade de oito mil cincuenta e nove con sesenta (8.059,60) euros (código de procedemento PL400A, número de expediente 2025/0028, modalidade «Mantemento dun servizo lingüístico»).

O Servizo de Normalización Lingüística deu conta desta concesión á Xunta de Goberno Local na sesión do día 15/09/2025 (PRP2025/2609).

Por todo o anterior, e vista a proposta da Concellería de Cultura, a través do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Aprobar a conta xustificativa da subvención de oito mil cincuenta e nove con sesenta (8.059,60) euros de da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia para a promoción do uso da lingua galega para o ano 2025 (código de procedemento PL400A, número de expediente 2025/0028, DOG 117 do 20/06/2025, na modalidade de «Mantemento dun servizo lingüístico»), consonte os seguintes datos:

1.- Os gastos totais imputables ás actuacións subvencionadas suman 70.511,32 euros (12.858,55 correspondentes a actividades + 57.652,77 correspondentes a persoal), e desagreganse a seguir:  
-GASTOS DE ACTIVIDADES: 12.858,55 euros

| identificación do acredor                  | Número de factura | Importe sen IVE | Data de emisión | Data de recoñecemento da obriga |
|--------------------------------------------|-------------------|-----------------|-----------------|---------------------------------|
| CARLOS ROBERTO ÁLVAREZ TABOADA - 44085088E | LELA 10           | 288,46          | 10/06/2025      | 05/05/2025                      |
| A.C. NÓS DE SOBRADELO - G36043933          | FAC 2025 2        | 850,00          | 16/05/2025      | 05/05/2025                      |
| EMPRESA PEREIRA SL - B36030997             | B25- 45           | 909,09          | 26/02/2025      | 23/12/2024                      |
| DÉBORA FONTENLA OLIVEIRA - 35482169T       | EMIT - 21         | 3.060,00        | 04/07/2025      | 05/05/2025                      |
| XOSÉ ANTONIO FORMOSO LADO - 78794946M      | EMIT- 14          | 3.324,00        | 11/08/2025      | 14/07/2025                      |
| DIEGO FREIRE FERNÁNDEZ - 44454801X         | A 2               | 2.727,00        | 24/02/2025      | 27/01/2025                      |
| LÚA MOSQUERA TENREIRO - 53307552S          | 015               | 1.300,00        | 20/05/2025      | 05/05/2025                      |
| POLO CORREO DO VENTO - J94077047           | PCV2025- 42       | 400,00          | 29/06/2025      | 05/05/2025                      |
|                                            |                   | 12.858,55       |                 |                                 |

-GASTOS DE PERSOAL: 57.652,77 euros

TRABALLADORA VEIGA ALONSO, VALENTINA M.

|                   | XANEIRO    | FEBREIRO   | MARZO      | ABRIL      | MAIO       | XUÑO       | XULLO      | AGOSTO     | SETEMBRO   | OUTUBRO<br>15 días | Total xeral |
|-------------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|--------------------|-------------|
| IMPORTE BRUTO     | 2.550,31 € | 2.510,57 € | 2.510,57 € | 2.510,57 € | 2.510,57 € | 5.055,41 € | 2.693,34 € | 2.522,87 € | 2.522,87 € | 3.179,42 €         | 28.566,50 € |
| IMPORTE LÍQUIDO   | 1.888,88 € | 1.888,88 € | 1.888,88 € | 1.888,88 € | 1.888,88 € | 3.950,20 € | 2.027,64 € | 1.898,13 € | 1.898,13 € | 2.502,64 €         | 21.721,14 € |
| CUSTO SEG. SOCIAL | 773,88 €   | 773,88 €   | 773,88 €   | 773,88 €   | 773,88 €   | 773,88 €   | 777,67 €   | 777,67 €   | 777,67 €   | 388,84 €           | 7.365,13 €  |
| Total xeral       | 5.213,07 € | 5.173,33 € | 5.173,33 € | 5.173,33 € | 5.173,33 € | 9.779,49 € | 5.498,65 € | 5.198,67 € | 5.198,67 € | 6.070,90 €         | 57.652,77 € |

2.- Para o gasto do persoal do SNL figura concedida (pendente de xustificar) unha subvención da Deputación de Pontevedra para creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2025 (procedemento SIA 687911) pola cantidade de 18.818,72 euros.

3.- O departamento de Intervención tomou razón destes gastos na contabilidade municipal (proxecto con referencia 2025/3/SUBV/7).

Segundo. Facer constar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a antedita subvención.

Terceiro. Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da xustificación da subvención.

**XUVENTUDE**

### **PRP2025/3858**

Pola Concellería de Xuventude dáse conta de que o instrumental dos locais de ensaio municipais, situados nos baixos do Auditorio, presentan diversos desperfectos que afectan ao seu uso ordinario, resultando necesario acometer actuacións de arranxo urxente para garantir a súa correcta utilización polos usuarios.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Carlos Galbán Zaragoza para o arranxo de desperfectos e adquisición de diverso material para o instrumental dos locais de ensaio municipais, polo importe de 1.211,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2025/3818**

Dáse conta de informe do Servizo Municipal de Medio Ambiente no que da conta da necesidade de substitución por rotura e deterioración grave de dous elementos na zona de 0-3 anos do parque infantil Miguel Hernández.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL, con GIF B60961554, por importe de 3.139,95 €, con cargo á partida 171-22615, para subministro de elementos (asiento nido rossete Ø1200 e asiento inclusivo con arnés).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2025/3819**

A Coral Rosalía de Castro ven prestando servizos á Área de Persoas Maiores cada vez que se lle pide a súa participación nas actividades, é por iso, que propónse a colaboración na celebración do seu 40 aniversario e seguir contando coa participación da Coral.

Vista a proposta da Concellería da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto polo importe de 522,50 €, con cargo á partida 2313.22610, correspondente á aportación do 50% do importe do orzamento da empresa SABINA CONCETTA FIRRIOLO (CIF X-6600451A) - CAFETERÍA CENTRO SOCIAL COMUNITARIO para a realización dun xantar para a celebración do 40 aniversario da CORAL ROSALÍA DE CASTRO o día 27 de setembro no Auditorio Municipal.

### **SPAD**

#### **PRP2025/3856**

Dáse conta á Xunta do Goberno Local que o departamento de prevención do SPAD de Vilagarcía de Arousa vai comezar a implementar no noso ámbito territorial como agrupación de concellos un programa novo da carteira de programas do Proxecto de condutas adictivas da Consellería de Sanidade, concretamente o programa "Construíndo Saúde" en colaboración coa USC.

Sendo esta colaboración de balde e sen cargo ningún para o Concello.

O programa Construíndo Saúde é un programa dirixido a previr o inicio no consumo de drogas e a implicación noutros problemas de conduta na adolescencia. O programa vai orientado a estudantes de 1º e 2º curso da ESO e as súas familias e nel se abordan aspectos relacionados co tabaco, o alcohol e o cannabis, pero tamén inclúe outras sesións dirixidas a fomentar o

desenvolvemento dun pensamento crítico, dunha autoestima positiva, dos valores de tolerancia e cooperación e a incrementar as capacidades para mellorar o control emocional e as relacións sociais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **CULTURA**

### **PRP2025/3845**

Vista a solicitude de D. Iago Manuel Regueiro Díaz, en representación de Etiqueta Negra Entretenimiento SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de novembro de 2025, para a celebración do espectáculo "No cruces los brazos", en horario de 18:30 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada 24 € e 22 €, segundo a zona, máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 102,00 €
- Operarios (2): 204,00 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 652,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2025/3846**

Vista a solicitude de Gesenco Gestión en Comunidades SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 23 de outubro de 2025, en horario de 19:00 a 21:05 horas, para a celebración dunha reunión da Comunidade de Propietarios Garajes A Concha 1, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 2 horas a 15,25 €/hora: 30,50€.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2025/3921**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2025 de aprobación do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre do ano 2025.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado acordo, quedando redactado do seguinte

xeito:

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinados, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 2º Semestre do ano 2025, no que se estipulan as condicións do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobación do Convenio de Colaboración, entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre do ano 2025.
- 2.- A Creación do proxecto e gasto e a xeración do crédito concedido, segundo a táboa que se detalla a continuación:

| COMPAÑÍA       | ESPECTÁCULO               | DATA       | HORA  | APORTACIÓN AGADIC( 50%) | APORTACIÓN CONCELLO (50%) | IMPORTE     | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|----------------|---------------------------|------------|-------|-------------------------|---------------------------|-------------|-------------------------|
| CRISTIAN SILVA | CRISTIAN SILVA-NOVO DISCO | 17-08-2025 | 20:00 | 5.094,50€               | 5.094,50€                 | 10.189,00 € | 334-22609               |
| CULTURACTIVA   | NADA SE SABE              | 04-10-2025 | 20:00 | 2.480,50€               | 2.480,50€                 | 4.961,00€   | 334-22609               |
| IRIA PINHEIRO  | VITÓRIA                   | 07-11-2025 | 20:00 | 1.150,00€               | 1.150,00€                 | 2.300,00€   | 334-22609               |
| TOTAL          |                           |            |       | 8.725,00€               | 8.725,00€                 | 17.450,00 € |                         |

-AGADIC colabora coa achega de 8.725,00€ (50%)

-CONCELLO DE VILAGARCÍA, colaborará coa cantidade restante de 8.725,00€ (50%)

- 3.- Autorizar e dispoñer o gasto para a xestión da programación prevista e que se detallana seguinte táboa:

| COMPAÑÍA       | NOME FISCAL                     | N.I.F.    | ENDEREZO FISCAL                                         | ESPECTÁCULO                 | IMPORTE TOTAL |
|----------------|---------------------------------|-----------|---------------------------------------------------------|-----------------------------|---------------|
| CRISTIAN SILVA | THINKING UP EVENTS S.L.         | B70242946 | Rúa Cidade do Transporte B- 74 - Santiago de Compostela | CRISTIAN SILVA - NOVO DISCO | 10.189,00€    |
